



CONCELLO DE
OLEIROS

DECRETO

A medio da presente, convócase ós integrantes do órgano que se sinala á sesión que terá lugar na data, hora e lugar expresados, coa fin de tratar os asuntos engadidos na orde do día que se achega:

- Órgano convocado:

Concello Pleno

- **Data:** Xoves, 26 de xuño de 2025

- **Hora:** 20.00 h.

- **Convocatoria:** ordinaria.

- **Lugar:** Salón de Plenos (1º andar de Casa Charry).

orde do día

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 26 de maio de 2025.

2º.- Adopción de acordo en orde ó compromiso do Concello de Oleiros de asumir subsidiariamente a responsabilidade que lle corresponde a AQUAOLEIROS SA do pagamento da facturación correspondente á subministración de auga a través de EMALCSA.

3º.- Aprobación, se procede, solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña para a XXXI Edición da Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

4º.- Adopción de acordo en orde á resolución dos recursos de reposición presentados ó expediente de “Modificación da Relación de Postos de Traballo” aprobada definitivamente en pleno de 26 de decembro de 2024.

5º.- Moción do grupo municipal “Alternativa dos Veciños” solicitando da Xunta de Galicia a conexión da Vía Ártabra coa AP-9.

6º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2025002640 ata o nº 2025003235.

7º.- Mocións, rogos e preguntas.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer os recursos seguintes:

a)- Con carácter potestativo poderá vostede interpor un recurso de reposición diante do mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, dentro do prazo de un (01) mes, a contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP.

b)- Directamente contra esta resolución poderá vostede interpor un recurso contencioso administrativo diante dos Xulgados do Contencioso Administrativo da cidade da Coruña, no prazo de dous (02) meses, a





CONCELLO DE
OLEIROS

contar desde o día seguinte ó de recepción desta notificación, de acordo co disposto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LXCA).

No caso de desestimación presunta do recurso de reposición, desestimación que se produce polo transcurso do prazo dun (01) mes desde a presentación do recurso sen que se teña recibido a notificación da resolución correspondente, o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo será de seis (06) meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto de acordo coa normativa específica aplicable, segundo o disposto no artigo 46.1 da LXCA citada.

Todo o anterior sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

Notifíquese a todos os membros da Corporación.

Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde e o secretario accidental, que da fe (asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

